

**INFORME-PROPOSTA:**

**ANULACIÓN DO SORTEO PRAZAS VACANTES NA EMAO PARA O CURSO 2020-21 POR ERRO INFORMÁTICO E CONVOCATORIA DE NOVO SORTEO.**

O concelleiro delegado de Educación en Decreto de data 02/06/2020 acordou, entre outras cuestións, a modificación da convocatoria do curso 2020-21 no sentido de substituír as probas previstas inicialmente para o acceso aos cursos de iniciación e básicos por un sorteo a celebrar o día 14/09/2020.

O sorteo por un sistema aleatorio informático, de carácter público, celebrouse o día 14/09/2020 ás 12:00 horas na sala da Hemeroteca da EMAO, coa presenza da mesa citada na convocatoria, dun técnico da empresa consultora de informática e dunha persoa que solicitara asistir presencialmente ao mesmo.

Como resultado do sorteo levantouse acta e emitíronse as listas de admisión e agarda nas especialidades nas que existía vacante, que foron publicadas, nese mesmo día, no taboleiro de anuncios da Escola e no apartado [EMAO-Curso 2020-21] da Web municipal.

O día 15/09/2020 detectáronse os seguintes erros, que deben considerarse críticos para as garantías de aleatoriedade e igoaldade do sorteo celebrado:

A) O día 15/09/2020 recíbese informe por correo electrónico da empresa informática consultora da EMAO para a realización do sorteo no que se indica a detección dun erro informático grave na celebración e na emisión das listas que afecta criticamente á necesaria aleatoriedade e igoaldade de tódolos participantes. O citado informe indica:

*Nos sorteos realizados o luns 14/9/2020, non entraron nos bombos todas as preinscricións realizadas, por un erro de programación producido polos cambios requeridos para este curso pola situación excepcional co Covid19.*

*Cando unha persoa fai unha preinscrición, pode anotarse en 2 cursos, un como primeira opción, e outro como segunda opción. Por exemplo, unha persoa pode preinscribirse como primeira opción en Debuxo, e como segunda opción en Moda.*

*E foron estas segundas opcións as que non entraron nos bombos dos sorteos.*

*O único curso onde quedaron prazas libres despois do sorteo, é Moda en Confección Extraordinario Grupo B.*

*Había 5 prazas para o sorteo e so 2 persoas preinscricións como primeira opción, polo que quedan 3 prazas libres.*

*En todos os demais cursos as prazas foron cubertas con preinscricións de primeira opción.*

*Este erro implica que toda a xente que realizou 2 preinscricións, quedou totalmente imposibilitada para conseguir praza no curso da súa segunda preinscrición, polo que a aleatoriedade dos sorteos non foi tal.*

B) Detéctase así mesmo que se realizou por erro o sorteo para asignar as prazas vacantes dos "Cursos extraordinarios" A e B de Moda e Confección. Segundo a convocatoria, a estes cursos --de un só ano de duración e nos que se esixen coñecementos previos- non se accede por sorteo, senon mediante presentación e valoración de currículo e, se é o caso, proba de acceso. En consecuencia as listas publicadas para o acceso a estes cursos extraordinarios non poden considerarse válidas, debendo depender as listas definitivas da finalización do proceso de valoración das persoas candidatas.

Á vista dos erros detectados, que non son subsanables dadas as características do proceso de sorteo informático realizado, que se materializaron nun resultado discriminatorio para a maior parte das persoas solicitantes ao non poder optar á admisión coa segunda opción elixida na solicitude,

**PROPONSE** ao concelleiro delegado de Educación, adoptar a seguinte resolución.



1. Tomar coñecemento dos erros críticos informados e detectados na realización do sorteo para asignación de vacantes na EMAO para o curso 2020-21, celebrado ás 12:00 horas do día 14/09/2020 na sala da Hemeroteca da EMAO que implicaron que non todas as solicitudes entrasen no sistema aleatorio, producindo un efecto discriminatorio.
2. En consecuencia, para garantir os intereses de tódalas persoas preinscristas, anular o sorteo celebrado e deixar sen efecto as listas de admitidos e de agarda resultantes do sorteo fallido que foron publicadas o 14/09/2020, así como, se é o caso, a confirmación de matrícula eu en base ás mesmas poidera terse producido.
3. Celebrar novo sorteo o día 18 de setembro de 2020, ás 11:00 horas, na sala da Hemeroteca da Escola Municipal de Artes e Oficios. Terá carácter público -previa cita- e as mesmas normas publicadas para o do día 14 de setembro que se anula.
4. No novo Sorteo non entrarán as persoas pre-inscristas nos cursos extraordinarios de “Moda e confección”, ao terse previsto na convocatoria o seu acceso por valoración de currículo e, se é o caso, proba de acceso.
5. Aumentar o prazo de confirmación de matrícula ata o día 22 de setembro.
6. Notificar ao conxunto das persoas interesadas a presente resolución.

RO/

En Vigo, na data da sinatura dixital

O técnico responsable de Educación de Adultos. Asdo.- Rafael Ojea Pérez

#### DECRETO

De conformidade co informe-proposta do Técnico responsable de Educación de Adultos de data 15/09/2020 que antecede,

#### RESOLVO

1. Tomar coñecemento dos erros críticos informados e detectados na realización do sorteo para asignación de vacantes na EMAO para o curso 2020-21, celebrado ás 12:00 horas do día 14/09/2020 na sala da Hemeroteca da EMAO que implicaron que non todas as solicitudes entrasen no sistema aleatorio, producindo un efecto discriminatorio.
2. En consecuencia, para garantir os intereses de tódalas persoas preinscristas, anular o sorteo celebrado e deixar sen efecto as listas de admitidos e de agarda resultantes do sorteo fallido que foron publicadas o 14/09/2020, así como, se é o caso, a confirmación de matrícula eu en base ás mesmas poidera terse producido.
3. Celebrar novo sorteo o día 18 de setembro de 2020, ás 11:00 horas, na sala da Hemeroteca da Escola Municipal de Artes e Oficios. Terá carácter público -previa cita- e as mesmas normas publicadas para o do día 14 de setembro que se anula.
4. No novo Sorteo non entrarán as persoas pre-inscristas nos cursos extraordinarios de “Moda e confección”, ao terse previsto na convocatoria o seu acceso por valoración de currículo e, se é o caso, proba de acceso.
5. Aumentar o prazo de confirmación de matrícula ata o día 22 de setembro.
6. Notificar ao conxunto das persoas interesadas a presente resolución.

RO/

Na data da sinatura dixital

O Concelleiro-Delegado de Educación. Asdo.- Gorka Gómez Díaz

